

AXENDA



Prezada comunidade:

Anunciamos hoxe a publicación da **convocatoria 2024 de axudas ECOBAS para promover e apoiar a realización de actividades de I+D+i** por parte do seu persoal, iniciativas orientadas ao desenvolvemento das liñas estratéxicas da Axenda Científica do noso Centro de Investigación, que contribúan ao impulso da proxección e prestixio científico de ECOBAS.

Repasamos como sempre toda a actividade programada na nosa axenda, as novidades en produción científica e compartimos nesta newsletter outras informacións e convocatorias de interese para a comunidade investigadora en Ciencias Sociais. Saúdos!!

>>> **AXUDAS ECOBAS PARA ACTIVIDADES I+D+i: CONVOCATORIA 2024**

Con data martes 9 de xullo de 2024 o centro de investigación interuniversitario ECOBAS publica a convocatoria 2024 de Axudas para a realización de actividades de I+D+i:

- DESTINATARIOS: persoal IP membro de ECOBAS
- PRAZO SOLICITUDES: aberto ata o 30 de setembro de 2024
- Toma a información en ecobas.gal:
Información da convocatoria: bases + anexos I e II

>>> **SEMINARIO DE DOUTORAMENTO: IRIA GONZÁLEZ ROMERO**

XOVES
11/06
12:00 H

“LA GESTIÓN SOSTENIBLE DEL LAST MILE EN EL E-COMMERCE. SITUACIÓN ACTUAL Y PERSPECTIVAS FUTURAS”

- ACTIVIDADE HÍBRIDA SÍNCRONA
 - PRESENCIAL: Facultade de CC. Económicas e Empresariais da UVIGO - Aula 156.
 - ONLINE: a través de Microsoft TEAMS.
- Imprescindible formalizar [REXISTRO PREVIO AQUÍ](#)



AXENDA




>>> INTERVENTION AND POLICY EVALUATION: “RIDING THE DiD REVOLUTION”

15 e 16
XULLO



ÚLTIMAS PRAZAS!!! Mañá mércores **10 de xullo remata o prazo** de solicitude de matrícula para este curso intensivo e estamos a piques de pechar aforo. O alumnado acadará un sólido coñecemento do deseño de investigación DiD e poderá aplicalo aos seus propios proxectos de investigación.

- ACTIVIDADE PRESENCIAL
- PROFESOR: Javier López Prol, Younsei University - Mirae (South Korea)
- Horario: de 9.30 h e 17.00 h (almorzo incluído).
- Ubicación: VIGO. Edificio Redeiras, Andar 1, Aula 1. Rúa da Ribeira do Berbés, 11.
- Matrícula: ECOBAS ofrece este curso sen custo para o alumnado.
- **Click AQUÍ para solicitar a inscrición** 

**Se non contas con usuario en Bubela, deberás formalizar o rexistro na plataforma.

>>> “A ECONOMÍA PRATEADA: PRINCIPAIS SEGMENTOS E CARACTERÍSTICAS DOS ADULTOS MAIORES”

16 DE
XULLO
16:30 H

A investigadora de ECOBAS **Isabel Neira** impartirá esta sesión no marco do curso de verán titulado “Envellecer na diversidade: identidade de xénero, ruralidade, situación de discapacidade, estatus socio-económico e inmigración” que organiza a Cátedra Cruz Roja-USC.

- Actividade presencial. Centro socio-cultural O Vello Cárcere (Pz. da Constitución, s/n LUGO).
- Do 15 ao 18 de xullo.

>>> SEMINARIO DE DOUTORAMENTO: DAVID HERVÉS PARDAVILA

XOVES
18/07
12:00 H

“USER-GENERATED AND GEOLOCATED DATA FOR VALUING TOURISM AND RECREATIONAL ECOSYSTEM SERVICES”

- ACTIVIDADE HÍBRIDA SÍNCRONA
- PRESENCIAL: Facultade de CC. Económicas e Empresariais da USC - Aula 20.
- ONLINE: a través de Microsoft TEAMS.

Imprescindible formalizar REXISTRO PREVIO AQUÍ



>>> DEFENSA DE TESE: JAIME FERNANDES TEIXEIRA

LUNS
22/07
11:00 H

“EARNINGS MANAGEMENT AND CORPORATE GOVERNANCE: THEORETICAL AND EMPIRICAL STUDIES IN IBERIAN UNLISTED FIRMS”

- ACTIVIDADE PRESENCIAL
- Localización: Facultade de CC. Económicas e Empresariais da UVIGO - Salón de Graos.



PRODUCCIÓN
CIENTÍFICA



>>> NOVAS PUBLICACIÓNS DE PERSOAL INVESTIGADOR DE ECOBAS

Gómez Suárez, M. A. (2024)

[Elasticity of substitution, long-run growth, and convergence speed: A general framework](#)

INTERNATIONAL JOURNAL OF ECONOMIC THEORY

Pernas García, J.J. & Sánchez González, J. (2024)

[Hacia una gestión local estratégica de los residuos municipales: los programas locales de prevención y gestión y su interrelación con los instrumentos jurídicos de la Ley 7/2022](#)

CUADERNOS DE DERECHO LOCAL, QDL65

Martín-Legendre, J.I. & **Sánchez-Santos, J.M.** (2024)

[Household debt and financial vulnerability: empirical evidence for Spain, 2002-2020](#)


EMPIRICA, Journal of European Economics

Martín-Legendre, J.I.; Castellanos-García, P. & **Sánchez-Santos, J.M.** (2024)

[What Determines the Demand for Redistribution and What Can We Expect form the Nearby Future: Emprirical Evidence for Spain](#)

SOCIAL SCIENCIE QUARTERLY, Volume 102, Issue 1

>>> CALL FOR PAPERS | [ADVANCING PRO-ENVIRONMENTAL BEHAVIOR: FROM THE WORKPLACE TO CONSUMER ACTIONS](#)



A [Revista Galega de Economía](#), da que é co-director o investigador de ECOBAS **Adolfo Carballo Penela**, ten aberta a chamada para o número especial que esta publicación adicará á análise do comportamento pro-ambiental no traballo e o comportamento pro-ambiental dos consumidores.

Call for papers ata o 31 de decembro de 2024.

[Consulta toda a información desta chamada premendo na ligazón.](#)

ACTUALIDADE
ECOBAS



»» **A NOVA CÁTEDRA ECONOMÍA DA CIBERSEGURIDADE LIDERARÁ A CREACIÓN DUN ECOSISTEMA SEGURO PARA A VIDA DIXITAL**



A profesora de Organización de Empresas da USC e investigadora do Centro Interuniversitario ECOBAS **María Bastida** será codirectora da nova Cátedra xunto ao profesor Miguel Ángel Vázquez Taín, ambos pertencentes ao grupo de investigación POSMARK da USC.

Exercer como forza tractora para a creación dun ecosistema ciberseguro sostible e escalable constitúe a misión principal da nova Cátedra Economía da Ciberseguridade da USC e do Instituto Nacional de Ciberseguridad-INCIBE.

A aposta de ambas as institucións por afondar na colaboración e dedicar recursos para encarar o reto global da seguridade dixital amplía deste xeito a súa dimensión, iniciada hai uns meses co proxecto estratéxico 'Ciber-Eco: economía da ciberseguridade nun contexto de cambio climático'.

Tanto a nova Cátedra presentada o 21 de xuño en Compostela coma o proxecto Ciber-Eco contan co respaldo e financiación do INCIBE a través dos fondos Next Generation da Unión Europea e ambas as iniciativas supoñen en conxunto unha dotación de 1,6 millóns de euros.

[Ler máis](#)

»» **O INVESTIGADOR GARANTE DE ECOBAS XOSÉ H. VÁZQUEZ, NOVO PRESIDENTE DE ACEDE**



O catedrático da Universidade de Vigo e investigador garante de ECOBAS, **Xosé H. Vázquez**, foi elixido novo presidente da Asociación Científica de Economía e Dirección da Empresa, ACEDE, na votación da assemblea de socios que tivo lugar en Valencia no marco do XXXIII Congreso Internacional da entidade. Vázquez asume a máxima representación institucional de ACEDE para os dous vindeiros anos, relevando no cargo á catedrática Carmen Cabello Medina, da Universidad Pablo de Olavide en Sevilla.

Tamén coñecida como 'Spanish Academy of Management' no mundo académico internacional, ACEDE conta cunha base asociativa de 800 membros distribuídos fundamentalmente en todo o territorio nacional, o que a sitúa como a entidade de referencia en España na investigación científica e no avance do coñecemento para a dirección e a administración de empresas.

[Ler máis](#)

ACTUALIDADE ECOBAS



>>> INCREMENTAR AS RENOVABLES: O RETO DA DESCARBONIZACIÓN



Galicia é unha das rexións con maior cuota de enerxía eléctrica renovable de toda España, pero o reto da descarbonización require, entre outras transformacións, a mellora da nosa rede de distribución e a redución dos custos do sistema. Así o explicou o investigador de ECOBAS, **Miguel R. Méndez**, no programa da Radio Galega CONVIVIR, da man da nosa coordinadora de Transferencia, Isabel Neira.

Podes escoitar aquí a súa conversa, dende o 31'15" ata o 47'13" – programa CONVIVIR, 08/07/24

>>> O IMPACTO NA ECONOMÍA DO CAMBIO CLIMÁTICO



A directora científica de ECOBAS, **María Loureiro**, foi a encargada de abrir a segunda xornada do XXVIII Encontro do Consejo Económico y Social de España que se celebrou hai uns días na Universidad Internacional Menéndez Pelayo.

O impacto na economía do cambio climático foi cuestión central na búsqueda de perspectivas para a sustentabilidade, á par dos grandes capítulos de análise da situación socioeconómica e laboral de España.

>>> ANÁLISE DO SISTEMA DE FINANCIAMENTO E COMPETENCIAS DOS MUNICIPIOS



Valorar as múltiples formas institucionais para solucionar os problemas derivados da fragmentación municipal é unha cuestión cardinal para a mellora da prestación de servizos locais. Así o explicou o investigador de ECOBAS e Codirector da Red Localis, **Alberto Vaquero**, no transcurso do VI Congreso Rel Localis celebrado o 21 de xuño en Compostela.

A reorganización da planta local para garantir os servizos municipais constitúe o eixo do traballo central do convenio entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento da Cátedra de Bo Goberno Local.

>>> FINDING A UNIQUE UTILITY REPRESENTATION FOR EACH PREFERENCE



O investigador de ECOBAS **Carlos Hervés Beloso** foi o encargado de impartir a Economic Theory Lecture no seo do European Workshop in Economic Theory celebrado na Unversidade de Manchester o pasado mes de xuño.

[Enlace á web oficial do SAET-EWET 2024](#)

MÁIS COMUNIDADE



>>> MEDALLAS DE INVESTIGACIÓN DA RAGC

As “Medallas de investigación da Real Academia Galega de Ciencias” recoñecen a traxectoria de científicos e científicas en activo, con actividade consolidada, desenvolvida maioritariamente en Galicia:

- Outorgaranse 5 medallas, unha por cada sección da RAGC
- “Medalla Domingo García-Sabell Rivas” no ámbito das CC. Económicas e Sociais
- Prazo de presentación de candidaturas **ata o 13/09/24**



[Ligazón ás bases da convocatoria](#)

>>> CIENCIA: PREMIOS GALICIA SPIN-OFF



O portal GCiencia convoca a oitava edición dos Premios Galicia Spin-Off, galardóns que se conceden ás iniciativas empresariais máis innovadoras xurdidas dende calquera das tres universidades do SUG.

O certame establece tres categorías: “Selo de calidade”, “Idea emerxente” e “Grupos de Investigación” As empresas e grupos de investigación interesados en participar nas categorías Idea Emerxente e Grupo de Investigación poderán enviar a súa **candidatura ata o 31 de xullo** á dirección de correo electrónico spinoffgalicia@gmail.com

- [Máis información e ligazón ás bases do premio na páxina web de GCiencia](#)



>>> ALERTAS DE NOVOS CONTIDOS

Suscríbete á nosa canle de YouTube para recibir as alertas de publicación de novos vídeos:

- ✓ Seminarios de investigación
- ✓ Seminarios de doutoramento
- ✓ E máis eventos da nosa comunidade de investigación en Ciencias Sociais:

<https://www.youtube.com/@ecobasresearchcenter>

ÚNETE Á COMUNIDADE ECOBAS <<<

Aínda non nos segues nas redes sociais? Únete a nós e non perdas nada do que acontece na nosa comunidade. Agardámoste!!



www.ecobas.gal

